



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta secretaría xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa Asociación para a realización de actividades culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades polo limitado do xénero lírico na Comunidade Autónoma. Son poucas as actividades relacionadas co xénero lírico que se celebran no seo da Comunidade Autónoma e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade colaborará no financiamento de todas as que se celebren. A Asociación Amigos da Ópera de Santiago posibilita a realización dunha ampla variedade de actividades culturais relacionada coa lírica.





Por todo o anterior é a Asociación Amigos da Ópera de Santiago a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

